

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dña. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dña. Yolanda Vázquez Busto.

Dña. Marta Pico Machado.

Dña. María Carmen Piñeiro Varela.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dña. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[Abandona a sesión sendo as 13h:48min, no punto da orde do día: Rogos e Preguntas]

Non asisten:

Dña. Silvia Fornos Permuy.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora

D^a. Lucía Varela Martínez

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES:

- ORDINARIA DE 27.07.2017.

- EXTRAORDINARIA DE 09.09.2017.

- EXTRAORDINARIA DE 14.09.2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente: 2017/G003/000170)

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- ordinaria de 27.07.2017.
- extraordinaria de 09.09.2017.
- extraordinaria de 14.09.2017.

Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- ordinaria de 27.07.2017.
- extraordinaria de 09.09.2017.
- extraordinaria de 14.09.2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde en Funcións D. José Simoes Couceiro (Delegación efectuada por Decreto nº554.2017 de 22.09.2017)."

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto dos borradores das actas das sesións que se someten a aprobación.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García para indicar que considera que, no borrador da acta da sesión do 09.09, se ben quedou moi bonita a redacción, non se constata o que dixo na súa intervención en canto a que Ramiro Fonte foi un defensor, en especial, da lingua e por tanto, da cultura galega, lingua que utilizou para os seus poemas, o que non debe de caer no ovido, por ser importante na súa traxectoria.

Concluída a intervención, sométese os borradores das actas a votación por separado, resultando adoptados os acordos seguintes:

- **Borrador da sesión Ordinaria de 27.07.2017.** Queda **ADOPTADO por 10 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **1 abstención** de Dna. Marta Pico Machado, por non se atopar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- ordinaria de 27.07.2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- **Borrador da sesión Extraordinaria de 09.09.2017.** Queda **ADOPTADO por UNANIMIDADE** das e dos membros presentes, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- extraordinaria de 09.09.2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Borrador da sesión Extraordinaria de 14.09.2017.** Queda **ADOPTADO** por 10 votos a favor de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dna. Ana María Veira García; e **1 abstención** de D. Jorge Serafín Allegue Freire, por non se atopar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

-extraordinaria de 14.09.2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2018.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 22 DE SETEMBRO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000015

Sesión nº: 18/2015-2019

2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2018.

O Secretario da Comisión da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DE ACORDO

DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2018.

(Expediente: 2017/G006/000164)

Visto o escrito da Consellería de Traballo e Benestar, con Rexistro de Entrada número 4869 de 13 de setembro, no que con se solicita ao Concello de Ponte deume a remisión do acordo Plenario no que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano de 2018, co obxecto da elaboración do calendario laboral.

*Se ben tradicionalmente, as datas escollidas neste municipio son os días 8 e 10 de setembro, coincidindo coa celebración das "Festas das Peras" e tendo en conta que o día 8 de setembro Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para o seu **DITAME**:*

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2018 as seguintes datas:

- Martes 13 de febreiro. (Martes de Entroido)

- Luns 10 de setembro. (Festas das Peras)



SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar antes do 15 de outubro, tal e como se indica no requirimento do dito organismo a este Concello, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

Non obstante, o pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume, á data sinalada na marxe."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos **por 4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, Dna. Raquel Caruncho Corral e Dna. Marta Pico Machado; e **3 abstencións** do resto das señoras e señores concelleiros, do PP(2): Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte; e polo BNG-AA: D. Jorge Serafín Allegue Freire."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular Dna. Ascensión de Vicente Olarte para indicar que, consultada a xente, e por tradición, se debería manter como festivo local a data que coincide coa romaría de San Miguel de Breamo, isto é, o 8 de maio.

Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, indica que o seu grupo non vai votar a favor, xa que consideran que a data que se debería establecer como festivo é, por tradición, o 8 de maio. Piden o cambio da proposta do goberno.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro. O portavoz do Grupo Municipal do PSOE indica que dende o goberno municipal tamén se ten consultada a data coa veciñanza e manteñen a proposta do Martes de Entroido.

Dna. Ana Veira García remítese novamente á tradición á hora de celebrar as festas e considera que pechar os comercios o martes de entroido non é positivo para a vila, e que ademais, sería mais acaído que fora o mércores o festivo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro intervéñ para defender a proposta do goberno local, argumentando que S. Miguel de Breamo, por tradición, sempre contaba cun festivo local, non con dous.

Pecha o debate Dna. Yolanda Vázquez Busto, indicando que a proposta do goberno é firme.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por 6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Marta Pico Machado, e **5 votos en contra** do resto de concelleiros e concelleiras, do Grupo Municipal do PP(3): Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2018 as seguintes datas:

- Martes 13 de febreiro. (Martes de Entroido)
- Luns 10 de setembro. (Festas das Peras)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar antes do 15 de outubro, tal e como se indica no requirimento do dito organismo a este Concello, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS. PARCIAL 2.2017: SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VILAR.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO"

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 22 DE SETEMBRO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000015

Sesión nº: 18/2015-2019

3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS. PARCIAL 2.2017: SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VILAR.

O Secretario da Comisión da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO.

RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE PONTEDEUME. PARCIAL 2.2017: SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VILAR.

Expediente: 2017/G006/000167

Vista a providencia da Alcaldía de data 14 de setembro de 2017.

Visto o "INVENTARIO DE PATRIMONIO DEL CONCELLO DE PONTEDEUME", con Rexistro de entrada municipal de data 19/12/2012 nº 7473.

Visto que por medio de acordo plenario de data 16/12/2015 acórdase entre outros, a aprobación do inventario de bens municipais.

Tendo en conta a sinatura en data 29 de abril de 2016 do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ponte deume para o financiamento da obra de reparación Rede de Saneamento na parroquia de Vilar no que na cláusula VI establece que

será necesaria a incorporación do ben ao inventario de bens da entidade en cuxos asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante o prazo de cinco anos.

Visto o informe técnico de titularidade do colector de saneamento emitido o día 17/07/2017 polo Arquitecto técnico municipal D. David Alvarez Ferreiro.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria municipal de data 18 de setembro de 2017 así como os antecedentes documentais que obran no expediente dos que se deixa constancia en dito informe.

Considerando a lexislación aplicable:

— *Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.*

— *Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local*

— *Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local*



PROPOÑO:

PRIMEIRO: Incorporar á ficha do inventario correspondente á “1RS0690006395 correspondiente con colector de 2374 metros de lonxitude, tramo de red de saneamento en Pontedeume de Hormigón de diámetro de sección 300 mm y longitud de 2374 metros” as seguintes observacións:

- Mellora: Obra de reparación Rede de Saneamento na parroquia de Vilar, coa valoración de 24.000,00 euros.

- Financiada con cargo á Deputación provincial da Coruña no 80 % do importe total,esto é 19.200,00 euros de achega provincial.

- Afecta á finalidade pública durante o prazo de 5 anos: quedando a nova rede de saneamento conforme a memoria do proxecto de “Reparación rede de saneamento na parroquia de Vilar, Pontedeume”.

SEGUNDO: Incorporar a rectificación indicada nos puntos anteriores ás fichas corespondentes do inventario de bens en soporte papel e en soporte informático na aplicación www.inventariomunicipal.dicoruna.es/Invent/pontedeume, resultando o inventario de patrimonio do concello de Pontedeume aprobado definitivamente coa revisión parcial 2 do ano 2017, a resultas do que se acorde en acordos plenarios posteriores con respecto á totalidade das rectificacións anuais do exercizo.

TERCEIRO: Proceder á inscrición do ben coa observación introducida no Rexistro da Propiedade de Pontedeume.

CUARTO: Consignar a presente anotación na valoración do inventario de bens correspondente ao ano 2017, conforme ao establecido no Anexo 05.

QUINTO. Remitir copia do presente acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data que figura na marxe.”

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **5 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE(4): D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, Dna. Raquel Caruncho Corral e Dna. Marta Pico Machado; e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.; e **2 abstencións** das integrantes do Grupo Municipal do PP: Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte.”

A Presidencia abre a quenda para o debate. D. Bernardo Fernández Piñeiro explica que se trata dunha cuestión administrativa.

Intervén Dna. Ascensión de Vicente Olarte, anuncia o voto a favor do seu grupo por se tratar dunha cuestión administrativa.

Dna. Ana Veira García indica que entende que o Inventario é “vivo”, recollendo as novas obras e as novas actuacións sobre o patrimonio e polo tanto, o voto vai ser a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: Incorporar á ficha do inventario correspondente á “1RS0690006395 correspondiente con colector de 2374 metros de lonxitude, tramo de red de saneamento en Pontedeume de Hormigón de diámetro de sección 300 mm y longitud de 2374 metros” as seguintes observacións:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Mellora: Obra de reparación Rede de Saneamento na parroquia de Vilar, coa valoración de 24.000,00 euros.

- Financiada con cargo á Deputación provincial da Coruña no 80 % do importe total, esto é 19.200,00 euros de achega provincial.

- Afecta á finalidade pública durante o prazo de 5 anos: quedando a nova rede de saneamento conforme a memoria do proxecto de "Reparación rede de saneamento na parroquia de Vilar, Ponte deume".

SEGUNDO: Incorporar a rectificación indicada nos puntos anteriores ás fichas correspondentes do inventario de bens en soporte papel e en soporte informático na aplicación www.inventariomunicipal.dicoruna.es/Invent/pontedeume, resultando o inventario de patrimonio do concello de Ponte deume aprobado definitivamente coa revisión parcial 2 do ano 2017, a resultados do que se acorde en acordos plenarios posteriores con respecto á totalidade das rectificacións anuais do exercizo.

TERCEIRO: Proceder á inscrición do ben coa observación introducida no Rexistro da Propiedade de Ponte deume.

CUARTO: Consignar a presente anotación na valoración do inventario de bens correspondente ao ano 2017, conforme ao establecido no Anexo 05.

QUINTO. Remitir copia do presente acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 22 DE SETEMBRO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000016

Sesión nº: 18/2015-2019

2.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

O Secretario da Comisión da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Expediente: 2017/G006/000166.

Logo de ver a Providencia da Alcaldía do 18 de setembro relativa ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, incoando expediente para aprobación de facturas por importe total de 18.438,02 euros, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2016, pero achegadas ao rexistro de facturas da Intervención municipal no 2017, e para as que non existía crédito adecuado e suficiente no exercicio 2016 para a súa tramitación



Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 93/2017, de asunto: "Fiscalización de facturas a tramitar polo procedemento de Recoñecemento extraxudicial de créditos" asinado dixitalmente o 18 de setembro de 2017, que se xunta ao expediente.

Logo de ver que no dito informe de Intervención se sinala o incumprimento dos límites do contrato menor, sendo que na medida do posible se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación, se ben debe terse en conta a sobrecarga dos servizos

Tendo en conta o sinalado no dito informe en relación con que facturas de GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA foron obxecto de devolución por non reunir os requisitos esixidos pola normativa de aplicación,

Logo de ver que, polo tanto, unha vez emitidas correctamente, as facturas se tramitan, e todas (excepto unha) das incluídas nesta proposta se refiren ao dito proveedor, (puidendo observarse que se ben quedan rexistradas no momento da súa presentación a través do FACE – punto xeral de entrada de facturas- con data do 24/06/2017, as datas dos documentos son na súa maioría de agosto de 2016),

Esta Alcaldía-Presidencia somete a DITAME da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos

SEGUNDO.- Que o Pleno aprobe e recoñeza os seguintes gastos por importe de 18.438,02 euros:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2017/1799	24/06/2017	FE16321210775283	19/08/2016	272,79 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES039700005802279XD1 P -BOMBEO VIZÚS-.	161	22100
F/2017/1801	24/06/2017	FE16321210957832	22/08/2016	231,12 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 -31/07/2016, CUPS ES0397000008248021HT1 P -BOMBEO ESTEIRO-.	161	22100
F/2017/1802	24/06/2017	FE16321210775275	19/08/2016	398,71 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 27/05/2016 - 29/07/2016, CUPS ES0397000005803593KN1 P -BIBLIOTECA MUNICIPAL-.	334	22100
F/2017/1805	24/06/2017	FE16321210775376	19/08/2016	66,60 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES0022000008888243YH1 P -ALUMADO PÚBLICO, BREAMO-.	165	22100
F/2017/1808	24/06/2017	FE16321210775276	19/08/2016	1.156,46 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 22/07/2016, CUPS ES0397000005805229TS1 P -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. RICARDO	165	22100

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							SÁNCHEZ-		
F/2017/1810	24/06/2017	FE17321222320927	05/01/2017	910,22 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES0397000005804635CL1 P-COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL-	323	22100
F/2017/1811	24/06/2017	FE16321210775377	19/08/2016	803,72 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES0022000008825715WG1 P-ALUMADO PÚBLICO, POLIG. VIDREIRO-	165	22100
F/2017/1812	24/06/2017	FE16321210775379	19/08/2016	240,32 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 28/05/2016 - 21/07/2016 CUPS ES0022000009019860WY1 P-ALUMADO PÚBLICO, O GROVE-	165	22100
F/2017/1813	24/06/2017	FE17321222320928	05/01/2017	540,76 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES0397000007767684VH1 P-CENTRO FORMACIÓN, FOREMDES-	241	22100
F/2017/1815	24/06/2017	FE16321210775378	19/08/2016	84,07 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 30/05/2016 - 28/07/2016, CUPS ES0022000008888239YZ1 P-ALUMADO PÚBLICO O CASTELO-	165	22100
F/2017/1816	24/06/2017	FE17321222451315	09/01/2017	407,17 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/12/2016 - 31/12/2016, CUPS ES0397000008214810TR1 P-ESTACIÓN DE BOMBEO, O PORTIÑO-	161	22100
F/2017/1817	24/06/2017	FE16321211017804	22/08/2016	1.280,82 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA, 31/05/2016 - 27/07/2016, CUPS ES0397000005803587KY -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. CORUÑA-	165	22100
F/2017/1818	24/06/2017	FE16321210775279	19/08/2016	296,20 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES0022000004989300CN1 P-ALUMADO PÚBLICO, CAMPOLONGO-	165	22100
F/2017/1820	24/06/2017	FE16321210775372	19/08/2016	385,88 €	A08431090	GAS NATURAL	CONSUMO ENERXÍA	165	22100



						SERVICIOS SDG, S.A.	ELÉCTRICA 02/06/2016 - 02/08/2016, CUPS ES002200009019863WD1 P -ALUMADO PÚBLICO, CABRÍA NOVA-		
F/2017/1821	24/06/2017	FE17321222320923	05/01/2017	810,77 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 26/11/2016 - 21/12/2016, CUPS ES002200007471703NW1 P -ALUMADO PÚBLICO, ZONA CUARTEL GUAR.CIVIL	165	22100
F/2017/1822	24/06/2017	FE17321222320925	05/01/2017	207,97 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES039700007723639BH1 P -ALMACÉNS DE RAXOI, CULTURA-	334	22100
F/2017/1823	24/06/2017	FE17321222320926	05/01/2017	864,27 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016 CUPS ES0397000005804602LD1P , -PAVILLÓN A CASQUEIRA, DEPORTES-	341	22100
F/2017/1824	24/06/2017	FE16321211017814	22/08/2016	1.967,50 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 18/07/2016, CUPS ES0397000005805297AZ1 P -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. RICARDO SÁNCHEZ-	165	22100
F/2017/1825	24/06/2017	FE16321219467007	05/12/2016	1.061,29 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/10/2016 - 24/11/2016, CUPS ES0397000005804635CL1 P -COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL-	323	22100
F/2017/1826	24/06/2017	FE17321222451314	09/01/2017	550,17 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/12/2016 - 31/12/2016, CUPS ES0022000004989296CP1 -ALUMADO PÚBLICO, URBANIZACIÓN OLMO-	165	22100
F/2017/1827	24/06/2017	FE16321210775282	19/08/2016	350,89 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES0022000007138403XH1 P -ALUMADO PÚBLICO, AS PEDRIDAS-	165	22100
F/2017/1828	24/06/2017	FE16321209541439	04/08/2016	292,78 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 22/06/2016 - 19/07/2016 CUPS ES0022000004989296CP1 -ALUMADO PÚBLICO, URBANIZACIÓN OLMO-	165	22100
F/2017/1829	24/06/2017	FE16321209541438	04/08/2016	222,10 €	A08431090	GAS NATURAL	CONSUMO ENERXÍA	231	22100

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							SERVICIOS SDG, S.A.	ELÉCTRICA 18/06/2016 - 23/07/2016 CUPS ES0397000005803586KM1 P -CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES, AVDA. CORUÑA		
F/2017/1830	24/06/2017	FE16321210775281	19/08/2016	507,47 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 31/07/2016, CUPS ES0397000005802679GH1 P -CAMPO DE FÚTBOL A GÁNDARA-	341	22100
F/2017/1831	24/06/2017	FE17321222320929	05/01/2017	334,78 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES0397000005803356BM1 P -CASA DA CULTURA, PZA. DO CONVENTO-	334	22100
F/2017/1832	24/06/2017	FE16321202559492	11/05/2016	1.637,13 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 08/02/2016 - 07/04/2016 CUPS ES0397000005803587KY1 P -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. DA CORUÑA-	165	22100
F/2017/1833	24/06/2017	FE17321222582464	09/01/2017	1.393,67 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 26/09/2016 - 25/12/2016, CUPS ES0397000005803593KN1 P -COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL, ENSINANZA-	323	22100
F/2017/1834	24/06/2017	FE17321222320924	05/01/2017	305,30 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES0397000005803586KM1 P -CENTRO DE MAIORES, AVDA. DA CORUÑA-	231	22100
F/2017/1837	24/06/2017	FE16321210775280	19/08/2016	598,80 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 31/07/2016, CUPS ES0397000008185898PT1 P -ALUMADO PÚBLICO, ESTEIRO-	165	22100
F/2017/1839	24/06/2017	FE16321209746035	08/08/2016	103,03 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/07/2016 - 31/07/2016, CUPS ES0397000008214810TR1 P -ESTACIÓN DE BOMBEO, O PORTIÑO-	161	22100
F/2017/2695	31/07/2017	Rect-Emit- 1	08/06/2017	155,26 €	F98453905	PREHOTI COOP. V.	OBRADOIRO DECORACION GALLETAS, 29/12/2016M CASA	334	22606	



TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe. ”

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, Dna. Marta Pico Machado e Dna. Raquel Caruncho Corral, e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleira do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez, Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela, e do BNG-AA(1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, indicando que o expediente está integrado por facturas que entraron no mês de xuño, maioritariamente de Gas Natural, ou daquelas que non se presentaron correctamente.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte que apunta a que existen máis facturas, que integran os expedientes de decreto. Indica que non se cumpre o requisito no que respecta à contratación menor, aludindo ao reparo, e que coa aprobación deste expediente, diminúen os cartos para o gasto da actual anualidade, cuxo orzamento consideran que foi elaborado sen a previsión dos servizos mínimos a cubrir; fai referencia tamén a desaxustes na contabilidade. Recorda que no 2013, o actual Alcalde acudeu à fiscalía, cos mesmos argumentos que agora son válidos...; finalmente anuncia a abstención do seu grupo polos motivos indicados, se ben é de xustiza que, a traballo realizado, traballo cobrado.

Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA di que, en relación ás facturas que integran o expediente, chámalle a atención o gasto da luz do campo de fútbol do mes de xuño, apuntando a que no mes de xuño, ás sete da tarde, as luces están acesas, cando aínda é día.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro quen recorda o cambio que se realizou no alumeadado do campo de fútbol pola problemática que existía cos consumos e que esta factura deriva da instalación anterior. Apunta a que agora, os consumos baixaron.

Continuando coa súa intervención, a Sra. Veira García di, ao respecto da contratación, que entrando na segunda parte do mandato, aínda hai moitas cousas que continúan sen facer para cambiar a situación, anunciando a abstención do seu grupo.

O Sr. Fernández Piñeiro indica que, o expediente que se somete a aprobación é derivado de facturas que se presentan tarde ou en formato non válido, polo que non ten nada que ver coa contratación á que se fai referencia. Sobre a contratación do subministro eléctrico, indica que os procedementos están a quedar desertos en distintos concellos. Di que no seu día se acudiu á fiscalía con connotacións diferentes no que respecta á contratación, e que foi o voceiro do PP quen convidaba á oposición a acudir á fiscalía. Defende a xestión do goberno local para coa solución da problemática municipal, remitíndose á modificación da RPT que se está a tramitar, tendente ao reforzo das distintas áreas, unha delas, a de contratación.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte defende a labor do anterior goberno local e indica que se intentou modificar a RPT pero que non se foi capaz, o que non lle consta ao goberno local, segundo se indica dende a Presidencia. Sobre o expediente, indica que a súa intervención está sustentada nos puntos do propio informe da intervención.

De seguido, prodúcese un debate ao respecto sobre a xestión do anterior goberno e o actual.

Dna. Ana Veira apunta a un acordo de Pleno, sobre mirar outras opcións para a contratación do subministro eléctrico.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por 6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Marta Pico Machado, e **5 abstencións** do resto de concelleiros e concelleiras, do Grupo Municipal do PP(3): Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos

SEGUNDO.- Que o Pleno aprobe e recoñeza os seguintes gastos por importe de 18.438,02 euros:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2017/1799	24/06/2017	FE16321210775283	19/08/2016	272,79 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES039700005802279XD1P -BOMBEO VIZÚS-.	161	22100
F/2017/1801	24/06/2017	FE16321210957832	22/08/2016	231,12 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 -31/07/2016, CUPS ES0397000008248021HT1P -BOMBEO ESTEIRO-.	161	22100
F/2017/1802	24/06/2017	FE16321210775275	19/08/2016	398,71 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 27/05/2016 - 29/07/2016, CUPS ES0397000005803593KN1P -BIBLIOTECA MUNICIPAL-.	334	22100
F/2017/1805	24/06/2017	FE16321210775376	19/08/2016	66,60 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES0022000008888243YH1P -ALUMADO PÚBLICO, BREAMO-.	165	22100
F/2017/1808	24/06/2017	FE16321210775276	19/08/2016	1.156,46 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 22/07/2016, CUPS ES0397000005805229TS1P -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. RICARDO SÁNCHEZ-.	165	22100
F/2017/1810	24/06/2017	FE17321222320927	05/01/2017	910,22 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES0397000005804635CL1P -COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL-.	323	22100
F/2017/1811	24/06/2017	FE16321210775377	19/08/2016	803,72 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 -	165	22100



						S.A.	01/08/2016, CUPS ES0022000008825715WG1 P -ALUMADO PÚBLICO, POLIG. VIDREIRO-.		
F/2017/1812	24/06/2017	FE16321210775379	19/08/2016	240,32 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 28/05/2016 - 21/07/2016 CUPS ES0022000009019860WY1P -ALUMADO PÚBLICO, O GROVE-.	165	22100
F/2017/1813	24/06/2017	FE17321222320928	05/01/2017	540,76 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES0397000007767684VH1P -CENTRO FORMACIÓN, FOREMDES-.	241	22100
F/2017/1815	24/06/2017	FE16321210775378	19/08/2016	84,07 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 30/05/2016 - 28/07/2016, CUPS ES0022000008888239YZ1P -ALUMADO PÚBLICO O CASTELO-.	165	22100
F/2017/1816	24/06/2017	FE17321222451315	09/01/2017	407,17 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/12/2016 - 31/12/2016, CUPS ES0397000008214810TR1P -ESTACIÓN DE BOMBEO, O PORTIÑO-.	161	22100
F/2017/1817	24/06/2017	FE16321211017804	22/08/2016	1.280,82 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA, 31/05/2016 - 27/07/2016, CUPS ES0397000005803587KY -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. CORUÑA-.	165	22100
F/2017/1818	24/06/2017	FE16321210775279	19/08/2016	296,20 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES0022000004989300CN1P -ALUMADO PÚBLICO, CAMPOLONGO-.	165	22100
F/2017/1820	24/06/2017	FE16321210775372	19/08/2016	385,88 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 02/08/2016, CUPS ES0022000009019863WD1 P -ALUMADO PÚBLICO, CABRÍA NOVA-	165	22100
F/2017/1821	24/06/2017	FE17321222320923	05/01/2017	810,77 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 26/11/2016 - 21/12/2016, CUPS ES0022000007471703NW1 P -ALUMADO PÚBLICO, ZONA CUARTEL GUAR.CIVIL	165	22100
F/2017/1822	24/06/2017	FE17321222320925	05/01/2017	207,97 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS	334	22100

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							ES0397000007723639BH1P -ALMACÉNS DE RAXOI, CULTURA-		
F/2017/1823	24/06/2017	FE17321222320926	05/01/2017	864,27 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016 CUPS ES0397000005804602LD1P, -PAVILLÓN A CASQUEIRA, DEPORTES-	341	22100
F/2017/1824	24/06/2017	FE16321211017814	22/08/2016	1.967,50 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 02/06/2016 - 18/07/2016, CUPS ES0397000005805297AZ1P -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. RICARDO SÁNCHEZ-	165	22100
F/2017/1825	24/06/2017	FE16321219467007	05/12/2016	1.061,29 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/10/2016 - 24/11/2016, CUPS ES0397000005804635CL1P -COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL-	323	22100
F/2017/1826	24/06/2017	FE17321222451314	09/01/2017	550,17 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/12/2016 - 31/12/2016, CUPS ES0022000004989296CP1 -ALUMADO PÚBLICO, URBANIZACIÓN OLMO-	165	22100
F/2017/1827	24/06/2017	FE16321210775282	19/08/2016	350,89 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 01/08/2016, CUPS ES0022000007138403XH1P -ALUMADO PÚBLICO, AS PEDRIDAS-	165	22100
F/2017/1828	24/06/2017	FE16321209541439	04/08/2016	292,78 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 22/06/2016 - 19/07/2016 CUPS ES0022000004989296CP1 -ALUMADO PÚBLICO, URBANIZACIÓN OLMO-	165	22100
F/2017/1829	24/06/2017	FE16321209541438	04/08/2016	222,10 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 18/06/2016 - 23/07/2016 CUPS ES0397000005803586KM1P -CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES, AVDA. CORUÑA	231	22100
F/2017/1830	24/06/2017	FE16321210775281	19/08/2016	507,47 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 31/07/2016, CUPS ES0397000005802679GH1P -CAMPO DE FÚTBOL A	341	22100



							GÁNDARA-		
F/2017/1831	24/06/2017	FE17321222320929	05/01/2017	334,78 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES039700005803356BM1P -CASA DA CULTURA, PZA. DO CONVENTO-	334	22100
F/2017/1832	24/06/2017	FE16321202559492	11/05/2016	1.637,13 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 08/02/2016 - 07/04/2016 CUPS ES039700005803587KY1P -ALUMADO PÚBLICO, AVDA. DA CORUÑA-	165	22100
F/2017/1833	24/06/2017	FE17321222582464	09/01/2017	1.393,67 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 26/09/2016 - 25/12/2016, CUPS ES039700005803593KN1P -COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL, ENSINANZA-	323	22100
F/2017/1834	24/06/2017	FE17321222320924	05/01/2017	305,30 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 25/11/2016 - 20/12/2016, CUPS ES039700005803586KM1P -CENTRO DE MAIORES, AVDA. DA CORUÑA-	231	22100
F/2017/1837	24/06/2017	FE16321210775280	19/08/2016	598,80 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/06/2016 - 31/07/2016, CUPS ES0397000008185898PT1P -ALUMADO PÚBLICO, ESTEIRO-	165	22100
F/2017/1839	24/06/2017	FE16321209746035	08/08/2016	103,03 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA 01/07/2016 - 31/07/2016, CUPS ES0397000008214810TR1P -ESTACIÓN DE BOMBEO, O PORTIÑO-	161	22100
F/2017/2695	31/07/2017	Rect-Emit- 1	08/06/2017	155,26 €	F98453905	PREHOTI COOP. V.	OBRADOIRO DECORACION GALLETAS, 29/12/2016M CASA CULTURA. D. ADX	334	22606

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

5.- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 490.2017 DE 23.08.2017: APROBACIÓN PROXECTO (REV.01) PARA A OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABATECEMETNO DE AUGA DENDE O PORTIÑO ATA ANDURIÑA (PAI 2016).

A Secretaria da lectura á proposta, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 490/2017.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/09/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente: 2017/G006/000169

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta expresa do Decreto 490/2017 de 23 de agosto, de "Aprobación proxecto (Rev. 01) para a obra Renovación da rede de abastecemento de auga dende Portiño ata Anduriña (PAI 2016)" aos efectos da súa ratificación polo pleno, que se transcribe a continuación:

"Descripción decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROXECTO (REV. 01) PARA A OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA DENDE PORTIÑO ATA

ANDURIÑA (PAI 2016)

EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000526

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o proxecto con rexistro de entrada número 1475 de 9 de marzo de 2016, para a obra "Renovación da rede de abastecemento de auga dende Portiño ata Anduriña".

Visto que mediante acordo do Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente de data 17/03/2016 se acordou incluír dentro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, dentro do apartado "Investimentos (Obras e Subministracións)" o Proxecto de "Renovación da rede de abastecemento de auga dende Portiño ata Anduriña".

Visto o informe técnico de data 11.03.2016 e o informe xurídico de data 14.03.2016 no que se determina que son necesarias a obtención previa para concluír a plena dispoñibilidade dos terreos afectos á obra de referencia as autorizacións da Deputación Provincial da Coruña (DP- 4803), Augas de Galicia, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico Galego (Consellería de Cultura e Turismo), Costas de Galicia e ADIF.

Visto o informe emitido polo Servizo de Vías e Obras (Deputación da Coruña) con rexistro de entrada número 2446 de data 21.04.2016, no que se require a presentación dun proxecto modificado para cumprir os condicionantes aos efectos de autorizar favorablemente as obras.

Visto que por parte de representantes de ADIF se comunica ao Concello a necesidade de modificar e axustar a solución adoptada no proxecto orixinal, co fin de dar solución aos problemas plantexados.

Visto o proxecto (REV. 01) para "Renovación da rede de abastecemento de auga dende Portiño ata Anduriña" con rexistro de entrada número 5719 de data 19.08.2016 (proxecto en papel) e 5750 de data 22.08.2016 (proxecto en dixital).

Visto o informe emitido polo Servizo de Vías e Obras (Deputación da Coruña) con rexistro de entrada número 7604 de data 02.11.2016, no que se autorizan favorablemente as obras.

Vista a circular do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial da Coruña con data de rexistro de entrada no Concello 09.06.2017 (nre 3045) no que se indica



que a aprobación definitiva do investimento do Concello incluído no PAI 2016 está condicionada á presentación da documentación que se especifica no Anexo ao final (informe técnico cumprimento condicións autorización Augas de Galicia, autorización de ADIF e aprobación do proxecto modificado por Concello e Deputación).

Vista a autorización de ADIF con data de rexistro de entrada no Concello 18.08.2017 (nre 4567), na que se outorga autorización para as obras.

Visto o informe técnico de data 22 de agosto de 2017 de conformidade do proxecto coas autorizacións concedidas.

Visto o acordo do Pleno do Concello de data 20 de xuño de 2015 no que se acorda delegar na Alcaldía a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa aprobación ou concesión, e cando aínda non estean previsto nos presupostos.

Visto canto antecede, esta alcaldía-presidencia, pola presente **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto (REV. 01) para “Renovación da rede de abastecemento de auga dende Portiño ata Anduriña”, redactado polo enxeñeiro de camiños don Miguel Nieto Matamoros en agosto de 2016.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D. Alberto Pensado Seijas, como Secretario accidental, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).”

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde en Funcións D. José Simoes COUCEIRO (Delegación efectuada por Decreto nº554.2017 de 22.09.2017).”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN** e ratifican o contido.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. MOCIÓNS URGENTES.

A Presidencia da conta do rexistro dunha moción por parte do Grupo Municipal do BNG-AA, relativa ao “Pazo de Meiras” para, de seguido, dar a palabra á Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo popoñente, para dar lectura ao texto daquela, que se transcribe a continuación:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impunidade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a convirta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisible que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posible pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consinten, amparan e protexen a Illa de impunidad e o parque temático franquista en que se convertiu o Pazo de Meirás.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Declarar á Fundación Franco non grata do Concello de Ponte deume.

2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.

3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.

4. Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.

5. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.”

Unha vez concluída a lectura, sométese a votación a RATIFICACIÓN DA URXENCIA e a INCLUSIÓN da moción na Orde do Día da sesión, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e a INCLUSIÓN da moción na Orde do Día por UNANIMIDADE** das e dos membros presentes.

De seguido, a Presidencia, abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García quen considera un feito e unha evidencia o que está a suceder con este espazo e coa fundación, remitíndose á exposición de motivos da moción. Indica que non se fala de expropiación xa que, levaría implícita unha compensación económica, co que están en contra por se tratar dun ben expoliado. Di que é de conciencia democrática que neste momento non se permitan este tipo de accións e actos, que considera inadmisibles; que é tempo de que o estado recoñeza a historia para poder pasos para diante. Agarda que se aprobe a moción por unanimidade.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte propón o aprazamento do asunto en aras da elaboración dunha moción conxunta sobre o asunto. Indica que dende o seu grupo, argumentarase punto por punto a proposta de acordo da moción.



Dna. Ana Veira García, como portavoz do Grupo propoñente da moción, considera que se debe tratar a moción, indicando que se pode chegar a un acordo entre todos os grupos, remitíndose ao acordo adoptado sobre o asunto, por unanimidade, na Deputación da Coruña.

D. José Simoes Couceiro, como portavoz do Grupo Municipal do PSOE, di estar de acordo co argumentario da moción, se ben pide que se expliquen os argumentos xurídicos polos que non se aconsella non aprobar a moción tal e como se presentou.

Segundo se indica, a fundamentación xurídica recóllese en sentenzas xudiciais sobre a que non é axustado a dereito que unha entidade local adopte un acordo sobre “declaración de persoa non grata”, o que podería derivar en que se impugnase o acordo no caso de se adoptar. Dase lectura ao acordo que foi adoptado na Deputación da Coruña sobre o asunto.

D. José Simoes Couceiro propón eliminar o punto primeiro do acordo.

